



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: MÓDULO I-CURSO DE ALTA DIRECCIÓN PÚBLICA.: O liderado nas organizacións actuais

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Dirección e Xerencia Pública

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	9
ADMINISTRACIÓN:	AU CI	ESTADO:	ANULADO	ANO:	2009
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A aprobación e entrada en vigor do Estatuto básico do empregado público (Lei 7/2007), así como o desenvolvemento normativo autonómico que establece unha nova regulación do marco sociolaboral para os empregados públicos, a Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e o Decreto lexislativo da Comunidade Autónoma de Galicia 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aconsellan para todo o persoal directivo e predirectivo a participación nun modelo de formación continua, que dea sentido aos principios da life long learning da sociedade do coñecemento, e con el a adquisición de novos conceptos, enfoques e competencias sobre a xerencia das organizacións públicas.

Con tal motivo, a EGAP organiza un curso modular de alta dirección pública, de xeito paralelo coa súa programación relacionada coa dirección e xerencia pública, establecida no seu Plan de formación 2009.

Este primeiro módulo terá un formato docente na aula e será ditado por un experto no eido das ciencias da administración, a organización de empresas, ou dereito, cunha ampla experiencia no asesoramento das organizacións públicas estatal e autonómicas, e cunha traxectoria profesional de grande relevancia na xestión pública.

DESTINATARIOS

Preferentemente este curso está destinado ao persoal funcionario dos grupos A e B da Administración da Xunta de Galicia co nivel 30 consolidado ou que estean ocupando un posto dese mesmo nivel, así como antigos alumnos dos cursos de directivos da Xunta de Galicia que na actualidade están a desempeñar funcións directivas. Está exceptuado o persoal docente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o persoal sanitario sempre que non desempeñen postos na Administración xeral. Non obstante, no caso de quedar prazas vacantes estas poderían cubrirse con persoal directivo dos diferentes entes instrumentais da Administración autonómica galega.

PROGRAMA

Módulo I.- O liderado nas organizacións actuais.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección dos aspirantes será efectuada por unha comisión técnica designada para este efecto.

A comisión de selección dará prioridade a aqueles aspirantes que reunindo os requisitos de ser destinatarios, soliciten a inscrición no curso completo.

Para o resto dos solicitantes os criterios de selección prioritarios serán:

- Estar a desempeñar funcións directivas na actualidade (en postos de nivel 28 ou superiores).
- Estar en posesión do diploma de directivos da Xunta de Galicia.

- Reservarse un cincuenta por cento das prazas para súa adxudicación a mulleres que reúnan os requisitos establecidos, salvo que o número de solicitudes sexa insuficiente para cubrir esa porcentaxe.

De forma subsidiaria, esta convocatoria rexerese polos criterios de participación nas actividades docentes da EGAP, sinalados con carácter xeral na Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG núm. 7, do 10 de xaneiro).

O listado dos seleccionados para cada módulo publicarase no portal web da EGAP.

3. DATOS EDICIÓNS

Módulo I		
LOCALIDADE: Por determinar	INICIO / FIN: 18/03/2009 a 18/03/2009	
NUM. PRAZAS: 20	ESTADO: ANULADA	DATA EXAME:
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		